

## **AO CONCELLO DE COMPOSTELA**

**LUCIA BARROS MIÑONES**, maior de idade, con DNI 32708720Y, con enderezo que sinala a efectos de notificacións en TORRE 18, TORRE-CACHEIRAS TEO 15883 A CORUÑA e correo electrónico [esculca@esculca.gal](mailto:esculca@esculca.gal), en calidade de **PRESIDENTA de ESCULCA OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DE DEREITOS E LIBERDADES** (con CIF G15881014) comparece e como mellor proceda en Dereito EXPÓN -

Que por medio do presente escrito e con sustento nos arts. 3 e 4 da L.O. 4/2001 DE 12 DE NOVIEMBRE, reguladora do DEREITO DE PETICIÓN e na representación ostentada formulase SOLICITUDE EN EJERCICIO DO DEREITO DE PETICIÓN de acordo coas seguintes

### **ALEGACIONES.-**

PRIMEIRA : que no pasado 31 de marzo, EsCULcA enviou escrito ao Alcalde de Santiago de Compostela, Xosé Sánchez Bugallo, para pedir información sobre o seu anuncio relativo ao endurecemento das medidas que tomará o Concello contra as persoas que incumpriren as normas establecidas durante o estado de alarma. Segundo este anuncio, aquelas que reincidiren serán levadas ao xulgado de garda e o Concello pedirá o seu internamento en prisión -"ou no centro en que o xuíz considere máis axeitado". Esta solicitude de información no foi atendida.

SEGUNDA .- Que o noso OBSERVATORIO deduce, dado que non se lle facilita información sobre o contido do anuncio, que a única interpretación plausíbel da comunicación municipal é que a ASESORIA XURÍDICA de ente local comparecerá nas dilixencias previas que por delicto de desobediencia foren abertas para interesar a medida de prisión preventiva do suposto/a infractor/a e perante o xuíz ou xuíza en servizo de garda, dado que este é o único canal do noso ordenamento procesual penal que permitiría tal actuación do CONCELLO .

TERCEIRA .- Que damos por feito que o CONCELLO DE COMPOSTELA sabe que as persoas que estiveren na situación descrita estarán amparadas pola presunción de inocencia, polo que, até recaer sentenza firme, non poderán ser consideradas autoras de infracción penal algunha. Tamén damos por certo que o CONCELLO coñece o grave risco para a saúde e mesmo a vida que supón o ingreso en prisión, sempre e máis nesta situación de pandemia polo COVID 19. Neste sentido, ESCULCA exprésalle a nosa preocupación pola situación das persoas presas neste momento de grave risco vital para todas elas dadas as condicións dos propios centros prisionais, onde a asistencia sanitaria é xa de por sí deficiente, e a propia condición de confinamento dun número elevado de persoas en espazos tan pequenos na prisión, contribúe a aumentar considerabelmente os contaxios entre as persoas recluídas. Son numerosas as asociacións de defensa dos dereitos e liberdades que veñen denunciando esta situación e



solicitando a liberación das persoas vulnerabeis así como a suspensión da adopción da medida de prisión preventiva.

Esta realidade foi posta de manifesto **pola Directora da Oficina de Dereitos Humanos da ONU, Michelle Bachelet**, quen solicitou aos gobernos medidas urxentes, entre elas, favorecer o posta en liberdade de persoas especialmente vulnerabeis, insistindo na imposibilidade de manter nas prisións as distancias de seguridade previstas para evitar ou minorar o contaxio. **Desta mesma opinión son a OMS e o Comité para a Prevención da Tortura do Consello de Europa (CPT), que nestes días recomentan aos estados membros alternativas a privación de liberdade para paliaren os efectos do coronavirus nas prisión.**

Achegamos os enlaces donde consta a información referente as recomendacións deste Organismos Internacionais tuitivos de Dereitos Fundamentais.

[ENLACE: 25/03/2020 A Alta Comisionada para os Dereitos Humanos da ONU, Michelle Bachelet exhorta aos Gobernos a excarcelar as persoas presas vulnerables](#)

[ENLACE: CPT: Declaración de principios relativos al trato de las personas privadas de libertad en el contexto de la pandemia de la enfermedad por coronavirus \(COVID-19\)](#)

Fronte a tal criterio , o CONCELLO DE COMPOSTELA fai pública a súa vontade de comparecer nas causas en fase de medidas cautelares para solicitar o ingreso de persoas supostamente reincidentes, sen declaración de culpabilidade , en prisión preventiva , solicitando expresamente que esas persoas sexan ingresadas nun contorno onde o risco vital é elevado e onde os Organismos Internacionais destacan a inexistencia de medios para evitar a infección por COVID 19.

Estima , o noso Observatorio que a posición manifestada polo CONCELLO DE COMPOSTELA infrinxe o dereito á saúde e integridade física de persoas non condenadas.

CUARTA .- Por tanto , exercendo o Dereito de Petición , interesamos do CONCELLO DE COMPOSTELA **que revogue a decisión de pedir para as persoas que infrinxiren as medidas de confinamento o seu internamento en prisión .**

Compostela a 15 de abril de 2020



